



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E A ASOCIACIÓN AMAS DE CASA ALBORADA SAN CIPRIAN

En Cervo a 18 de decembro de 2019



De unha parte, Ma Carmen Leira Prego con DNI 32.625.899P, en calidade de presidenta da Asociación Amas de Casa Alboradas San Ciprián con NIF G27276583.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que as entidades locais, en canto administracións públicas, poden exercitar a acción de fomento de actividades ou proxectos que sexan considerados de utilidade pública, interese social ou de promoción dunha actividade pública, mediante a concesión de subvencións, de conformidade co disposto polo artigo 2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (LXS).

SEGUNDO: Que o artigo 22.2.a) da Lei 38/2003 prevé a posibilidade de concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar este tipo de subvencións.

TERCEIRO: Que a Asociación Amas de Casa Alborada San Ciprián participa en actividades dirixidas a mulleres solicitou do Concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados das mesmas. Dita axuda está prevista nominativamente no orzamento do Concello para 2019 na aplicación orzamentaria 334.48915 por un importe de 1.000 €.

CUARTO: Que o Concello actúa en virtude das competencias atribuídas pola lexislación básica sobre réxime local nas materias de promoción de actividades dirixidas á muller.



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

En base ó anteriormente exposto, o Concello de Cervo e a Asociación Amas de Casa Alborada San Ciprián asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a subvención finalista, prevista nominativamente nos presupostos do Concello para 2019 para colaborar no financiamento da actividade consistente na organización, coordinación e realización dos eventos necesarios para a celebración de actividades dirixidas a mulleres durante o ano 2019.

Segunda.- O Concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 1.000 € con cargo á partida 334.48915 á Asociación Amas de Casa Alborada San Ciprián para a realización das ditas actividades.

Terceira.- A Asociación Amas de Casa Alborada San Ciprián comprométese á organización e participación nas actividades dirixidas á muller, particularmente aquelas que teñan un beneficio para a comunidade, permitindo, en todo caso, a máxima participación veciñal en dita organización.

Así mesmo, a Asociación Amas de Casa Alborada San Ciprián comprométese a xustificar a realización das ditas actividades dirixidas a mulleres coa presentación dunha memoria explicativa das actividades realizadas. A xustificación dos gastos subvencionados realizarase mediante as correspondentes facturas orixinais ou copias compulsadas ata un importe do total do subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención e, en todo caso, antes da fin do presente exercicio, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó Concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas.

Cuarta.- Serán subvencionables todos aqueles gastos correntes de funcionamento da asociación e da organización das actividades dirixidas a mulleres que constitúen o obxecto da mesma, que sexan indispensables para o cumprimento da finalidade do mesmo.



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

Quinta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.

Sexta.- A duración do presente convenio esténdese ata a completa realización dos eventos que constitúen o obxecto do mesmo e a actividade administrativa necesaria para a súa completa xustificación, sempre dentro do exercicio presupostario 2019. Ten carácter improrrogable e, en ningún caso poderá estenderse ao exercicio 2020.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida dentro do prazo de vixencia sinalado.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



O alcalde

Alfonso Villares Bermúdez

Presidenta Asociación Amas de Casa Alboradas San Ciprián

M^a Carmen Leira Prego

